



SECRETARÍA INTERVENCIÓN. INFORME XURÍDICO CONTRATOS Nº

05/2024

OBXECTO DO EXPEDIENTE: Informe proposta de aprobación do expediente de contratación e os Pregos de Cláusulas Administrativas de data 13/08/2024 e de Prescricións Técnicas de data 13/08/2024 que rexerán a contratación do **SEGURO DE DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA** .

Expediente núm.: 2024/C006/000004

Ano de inicio: 2024

Fase do gasto: Aprobación do gasto. A.

Financiamento: 100% Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña

Aplicación orzamentaria: .00 920 22400,01 136 22400,02 136 22400,03 136 22400,04 136 22400,05 136 22400,06 136 22400,07 136 22400,08 136 22400,09 136 22400,10 136 22400.

Tipo de licitación: Importe máximo Base: 45.000 €, exento de IVA, en virtude de lo disposto no artigo 20.1.16 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido..

Tipo de procedemento: aberto consonte o disposto nos artigos 156 a 158 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación e tramitación urgente.

Emítase o seguinte **INFORME** de conformidade co previsto na Disposición adicional terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 158 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).
- O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- O Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio).
- A Lei reguladora das facendas locais, Texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en adiante, TRLRFL).
- Os Estatutos reguladores do Consorcio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E ORZAMENTARIAS:

PRIMEIRO: O artigo 116 LCSP sinala que a realización de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato e que deberá ser publicado no perfil de contratante.

O expediente deberá referirse á totalidade do obxecto do contrato, sen prexuízo do previsto no apartado 7 do artigo 99 para os contratos adxudicados por lotes.

Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que han de rexer o contrato.

Á vista do expediente tramitado, e con relación aos puntos citados debe sinalarse, que o órgano de contratación iniciou o expediente motivando a necesidade da contratación mediante informe emitido para o efecto e que deberá ser publicado no perfil de contratante.

Así mesmo, incorporáronse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato.

De acordo con artigo 119 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 que establece que poderán ser obxecto de tramitación urgente os expedientes correspondentes aos



contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público. A tales efectos o expediente deberá conter a declaración de urxencia feita polo órgano de contratación, debidamente motivada.

Á vista do expediente tramitado, o órgano de contratación iniciou o expediente motivando a urxencia da necesidade da contratación mediante informe emitido para o efecto e que deberá ser publicado no perfil de contratante.

De acordo coa Disposición Adicional 15ª da LCSP, a tramitación do presente procedemento realizarase por medios exclusivamente electrónicos.

Será obxecto de publicidade no perfil de contratante da Deputación Provincial da Coruña e na plataforma de licitación electrónica do sector público.

No expediente xustificárase adecuadamente:

a) A elección do procedemento de licitación.

De acordo coa memoria xustificativa e proposta da Xerencia o procedemento elixido para a tramitación deste expediente é o procedemento aberto, tramitación urxente, con varios criterios de adxudicación. Establécese por tanto, o procedemento de tramitación establecido con carácter xeral polo artigo 131 LCSP e como tal recóllese nos pregos de cláusulas administrativas particulares (en adiante, PCAP); polo que non resulta necesaria a xustificación do procedemento utilizado, no perfil de contratante, ao abeiro do preito no artigo 63.3.a).

b) A clasificación que se esixa aos participantes.

De acordo co artigo 77.1.B LCSP non é esixible a clasificación no caso de contratos de subministros nin nos de servizos, establecéndose no prego os medios para a súa acreditación, e de entre os previstos nos artigos 87 e 89 LCSP. Cláusula 16.1.F).

c) Os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, e os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo.

Tal como se sinalou no apartado anterior, os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, recóllese no PCAP (Cláusula 16.1.F), e son de conformidade co establecido nos artigos mencionados.

Por outra banda, no PCAP tamén se recollen na cláusula 21 PCAP as condicións especiais de execución, considerándoas como obriga esencial do contrato polo que, en caso de incumprimento, o órgano de contratación podería acordar a resolución do contrato (Artigo 202.3 LCSP).

Dáse polo tanto, cumprimento ao establecido no artigo 202.1 LCSP.

d) O valor estimado do contrato cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os custos laborais se existisen.

Calcúlase de conformidade co establecido no artigo 101 LCSP (Anexo nº 1 e Memoria xustificativa), non obstante o cálculo debería reflectir con maior detalle a composición do mesmo.

e) A necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional.

De acordo co artigo 28 LCSP “As entidades do sector público non poderán realizar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais”. Asemade, esixe, que as necesidades deberán ser determinadas con precisión, deixando constancia dilo na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

Consta na memoria xustificativa que, a necesidade, “O actual contrato de seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Consorcio, finaliza a súa vixencia o 30 de setembro de 2024 polo que se propón unha nova contratación polo **procedemento de urxencia** ao obxecto de que inicie a súa vixencia con data 1 de Outubro de 2024.

II.- A presente contratación responde a unha necesidade estrutural básica do Consorcio, e a súa duración no tempo esixe unha contratación conforme aos procedementos ordinarios regulados pola Lei 9/2017(..)”.

f) Nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios.

Non procede.

g) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso.

Na memoria xustificativa inclúese un apartado sobre a análise da execución por lotes, na que se explica a decisión de non dividir en lotes (artigo 99.3 LCSP).



SEGUNDO: O artigo 116.3 LCSP, sinala que deberá incorporarse ao expediente o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa así como a fiscalización previa da Intervención, sendo ademais competencia do Interventor a fiscalización dos actos que dean lugar a recoñecemento de obrigas contra a Entidade Local, conforme establece o artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Os artigos 167 e 172.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 24 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, dispoñen que os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que fosen autorizados no orzamento xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas, finalidade que se determina pola clasificación por programas e económica pola que se define a partida orzamentaria.

TERCEIRO: Figuran no expediente de contratación o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que ha de rexer o contrato de acordo co artigo 116.3 LCSP.

O primeiro deles contén basicamente as esixencias que recolle o artigo 67 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e o artigo 122 LCSP entre as que se destacan as seguintes:

1. Definición do obxecto do contrato.
2. Necesidades administrativas a satisfacer á que se fixo referencia no apartado primeiro e) deste informe.
3. Valor estimado do contrato sen incluír IVE.
4. O orzamento base de licitación.
5. Mención expresa da existencia dos créditos precisos para atender ás obrigas que se deriven para a Administración do cumprimento do contrato, que se fixan nas aplicacións orzamentarias que figuran no Anexo nº 1, que se estiman axeitadas.
6. Prazo de execución ou de duración do contrato. Non se excede por tanto da limitación do artigo 29 LCSP.
7. Procedemento e criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, que deben estar directamente vinculados ao obxecto do contrato, precisando a ponderación relativa de cada un deles. Recóllense no Anexo nº 2.
8. Condicións especiais de execución que se recollen na cláusula 23 PCAP, esixindo que durante a execución do contrato se leve a cabo polo menos unha delas, considerándoas como obriga esencial do contrato polo que, en caso de incumprimento, o órgano de contratación podería acordar a resolución do contrato (Artigo 202.3 LCSP). Dáse polo tanto, cumprimento ao establecido no artigo 202.1 LCSP.
9. Documentos a presentar polos licitadores, así como forma e contido das proposicións. Esíxese a presentación electrónica das ofertas a través da plataforma de contratación do sector público.
10. Dereitos e obrigas específicas das partes que interveñen no contrato.
11. Establecemento dunha garantía definitiva do 5% do prezo de adxudicación do contrato.
12. Establécese expresamente na cláusula 4 a improcedencia da revisión de prezos.
13. Mención das penalidades administrativas a impoñer por incumprimento do contratista.
14. Establécese expresamente na cláusula 13 a constitución da mesa de contratación, remitindo ao establecido nos artigos 141 e 150 LCSP.
15. Non se contemplan supostos específicos de modificación do contrato. só poderá introducir modificacións no mesmo por razóns de interese público e de acordo co disposto no artigo 203 LCSP, debendo formalizarse en documento administrativo ditas modificacións con arranxo ao establecido no artigo 153 e 203.3 LCSP e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63. LCSP.
16. Obriga do adxudicatario de cumprir as condicións salariais.

O prego de prescricións técnicas deberá cumprir coas regras recollidas nos artigos 125 e 126 LCSP e 68 a 70 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

CUARTO: Atendendo ao establecido expresamente na Disposición Adicional Segunda 1. LCSP, corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Asemade, o artigo 14.14 dos Estatutos do Consorcio atribúelle a competencia nos mesmos termos.

Neste caso concreto, e atendendo ao valor estimado do contrato, que non supera o 10% dos recursos ordinarios do



CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA CIF: V15859481 - RELGA: CO 2002/01
Polígono Industrial Bertoa, Parcela G 2. 15105 – CARBALLO (A Coruña) - Tel: 981. 758. 117 - Fax: 981. 700. 024

Orzamento para 2024 e que marcan o límite de competencia, e tampouco se supera o prazo de catro anos, resulta que o órgano de contratación será o Presidente do Consorcio.

QUINTO: O artigo 172.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais dispón que “Nos expedientes informará o Xefe da Dependencia á que corresponda tramitalos, expoñendo os antecedentes e disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.

Consta no expediente, informe-proposta da Xerencia de data 13.08.2024.

CONCLUSIÓNS

O expediente reúne os requisitos mínimos esixidos, pola normativa de aplicación, polo que se informa de xeito favorable. Carballo, na data da sinatura dixital.

A secretaria interventora,
María Graciela Riveiro Moreira.